

Dende o 2002, o pagamento de xuros anuais alcanza os 509 millóns

EROSKI PAGA 14,8 MILLÓNS DE EUROS EN XUROS AOS INVESTIDORES EN ACHEGAS E OBRIGAS SUBORDINADAS

- **O abono aos titulares de Achegas Financeiras Subordinadas (AFS), realizarase o 2 de febreiro**
- **Un investidor que adquirira AFS no 2002 percibiu, en concepto de xuros, un 108,1% sobre o importe do seu investimento**
- **Os xuros para o presente exercicio quedan fixados no 5,246% para as emisións de AFS entre o 2002 e o 2004, e no 4,746% para a emisión de AFS do 2007**

Elorrio, 30 de xaneiro do 2026.- [EROSKI](#) procederá a abonar o luns 2 de febreiro os xuros anuais correspondentes ás Achegas Financeiras Subordinadas (AFS) cunha retribución a un tipo do 5,535% para as emisións do 2002 e do 2004, e do 5,035% para a emisión do 2007. En total, serán 14,8 millóns de euros os que EROSKI vai abonar en concepto de xuros aos posuidores dos seus títulos de investimento.

Dende que EROSKI lanzou a súa primeira emisión de AFS no 2002, a cooperativa cumpriu puntualmente co seu compromiso de retribución anual de xuros, abonándolles xa un total de 509,4 millóns de euros aos seus investidores. A retribución de AFS, está referenciada ao Euríbor máis un diferencial de 3 puntos para as emisións de AFS entre o 2002 e o 2004, e un diferencial de 2,5% para a emisión de AFS do 2007.

Contando con este abono, un investidor que adquirira AFS no 2002 percibiu xa un 108,1% sobre o importe do seu investimento inicial en concepto de xuros. Un investidor con AFS dende o 2004 cobrou xa o 95,7% en xuros, mentres que o do 2007 ingresou o 69,4% do valor do seu investimento.

Para o ano 2026, o xuro queda fixado nun tipo do 5,246% (2,246% + 3% de diferencial) para as emisións de AFS entre o 2002 e o 2004, e do 4,746% (2,246% + 2,5% de diferencial) para as emisións de AFS do 2007, que se abonarán o vindeiro ano.

Acerca de EROSKI

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,7 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial, a finais do 2024, suma 1502 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de gasolineras, tendas de deportes e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta con máis de 6,4 millóns de socios clientes e máis de 27 600 persoas no seu cadro de persoal, das cales case 9000 son socias propietarias.